



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/5	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	5 de febreiro de 2018
Duración	Desde as 20:10 ata as 20:45 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 29 de xaneiro de 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 29 de xaneiro de 2018.

Expediente 422/2018. Solicitud de sinal de pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de M. G. M., na que demanda un sinal de pasaxe permanente para a rúa Enseñanza, nº 60-Darbo, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 503/2018. Solicitud de sinal de pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a instancia presentada por S. S. M. na que solicita un sinal de pasaxe permanente a instalar en rúa Vilaboa, nº 9 (Edificio Travesía) en Cangas, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 5898/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



EXPEDIENTE Nº 5.898/17.- Vista a solicitude presentada por D. H. B.e C. B. C., con enderezo en Outeiro de Balea, nº 42- Darbo, para no referido lugar, construír un muro de contención de terras de 35,50 ml., segundo o proxecto elaborado polo arquitecto técnico, J. B. A., de agosto de 2017 e planos modificados de xaneiro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a sete mil trescentos dous euros (7.302,00 €).

Dase conta, así mesmo, de escrito de ASPUN de data 2 de febreiro de 2018, que di o seguinte:

"EXP.5898/2017

A referencia correspóndese cunha vivenda con superficie de 95 m².

Segundo XGL 16.05.2016 EXP. Nº 25.889 e tal e segundo os datos na sede do Catastro, dita vivenda está na parcela con referencia...

No expediente 5898/2017 figura informe da xefa de Urbanismo con data de 16.01.2018 onde se indica:

"En data 23.12.2017 requiriuse aos solicitantes que o muro executado non se axustaba ao epígrafe 2.12 das Normas Urbanística I das NN.SS de Cangas polo que debería repoñer a legalidade urbanística.

A nova documentación para axustarse á legalidade presentouse en data 04.01.2018, rexistro de entrada 84 (plano de situación e deslinde e alzados e sección de data xaneiro de 2018.

A nova documentación informouse favorablemente polo arquitecto municipal en data 12.01.2018".

O informe do arquitecto municipal de data 12.01.2018 di:

"Se informa favorablemente el expediente en cuestión por axustarse ás determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas, ordenanza de aplicación: epígrafe 2.12 das Normas Urbanísticas I e título V das Normas Urbanísticas II.

- O cerramento solicitado deberá situarse polo menos a 4 metros do eixo do camiño conforme á acta de tira de cordas.

- A zona de cesión deberase explanar na rasante do camiño público.

- O cerramento deberase executar na rasante do camiño público".

Tendo en conta a documentación que figura no expediente, incluído o escrito presentado pola Comunidade de Montes de Darbo, propoñemos á XGL completar a documentación do expediente 5898/2017 presentada hoxe 05.02.2018 en XGL, e os documentos seguintes:

- Acreditar que o "camiño público" ao cal fai mención o arquitecto municipal, figura no Inventario de Bens do Concello de Cangas, pois a CMVMC de Darbo está a demandar a



propiedade dese camiño.

- Acreditar a parcelación da finca de 1.750 m², pois a titular da finca na documentación que presenta o 04.01.2018 para a legalización do muro de contención (doc. PLANOS: SITUACIÓN E DESLINDE, ALZADO E SECIÓN DE MURO) presenta neses planos a parcelación de dita referencia catastral, e os correspondentes colindantes e non se corresponde cos datos do catastro, nin se acredita por parte do Concello a dita parcelación.

- Dar resposta ao escrito da CMVMC de Darbo pois demandan ser os lindeiros reais".

A Xunta de Goberno Local adopta o seguinte ACORDO:

* Que por parte do inspector de obras e con carácter previo á concesión da licenza se emita informe correspondente ás especificacións indicadas no escrito de ASPUN transcrito anteriormente.

Expediente 2616/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2616/2017.- Vista a solicitude presentada por J. M. G. Q., con enderezo a efectos de notificacións en Eirado do Costal, nº 9-baixo-Cangas, para o acondicionamento de parcelas sitas no lugar de Arneles-O Igrexario-O Hío, destinada a área de autocaravanas, de conformidade coa documentación achegada elaborada polo arquitecto J. R. L. de data setembro de 2016 e os informes obrantes no expediente: do Servizo de Montes de data 09.12.2016, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza de data 31.05.2016, do Instituto de Estudos do Territorio informa en data 14.04.2016 e a autorización do Servizo de infraestruturas da Deputación de Pontevedra de data 12 de xullo de 2017 para construción de acceso. O presuposto de execución material ascende a trece mil seiscientos cincuenta e oito euros con cincuenta e un céntimos (13.658,51 €).

Dase conta, así mesmo, de escrito de data 2 de febreiro de 2018 de ASPUN, que indica o seguinte:

"A referencia que figura na proposta asinada pola xefa de Urbanismo en data 17.01.2018 e que se trae a aprobación na Xunta de Goberno Local de hoxe 05.02.2018, é errónea segundo a Sede Electrónica do Catastro.

No informe do arquitecto municipal de data 16.01.2018 non se especifica a referencia catastral da parcela na que se vai a actuar.

Tendo en conta a documentación que figura no expediente 2616/2017 e visualizando o documento 'PROXECTO COMPLETO', a área de actuación comprende 4 PARCELAS



Concello de Cangas

separadas por un camiño de titularidade municipal.

Visto o anterior, proponemos á XGL corrixir a proposta referida ao expediente 2616/2017 presentada hoxe 05.02.2018 en XGL, para distinguir e coñecer en cal ou cales desas catro parcelas se vai a actuar para acondicionar unha área de autocaravanas, así como coñecer con máis definición as actuacións que se van a desenvolver en cada parcela para a posta en marcha deste proxecto (os accesos a esta área, escritura de agrupación de parcelas se procede, tratamento das augas residuais, etc.)".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o escrito da ASPUN transcrito anteriormente e polo tanto recabar as actuacións indicadas neste.

Expediente 533/2018. Aprobación das bases e convocatoria de subvencións á rehabilitación de edificios e vivendas na ARI do Concello de Cangas (FASE 12ª) Plan Estatal 2013-2016

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

Visto o acordo asinado entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Cangas, o 26 de outubro de 2017, en relación ao financiamento das actuacións na Área de rexeneración e renovación urbana do Casco Vello de Cangas, no marco do Rd 233/2013, de 5 de abril, polo que se aproba o Plan Estatal 2013-2016.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar as bases e convocatoria de subvencións á rehabilitación de edificios e vivendas na área de rehabilitación integral do concello de Cangas (fase 12ª) Plan Estatal 2013-2016, co seguinte texto:

“BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CONCELLO DE CANGAS (FASE 12ª) PLAN ESTATAL 2013-2016

PRIMEIRO.- BENEFICIARIOS/BENEFICIARIAS:

Os propietarios únicos de edificios de vivendas, os propietarios de vivendas, as comunidades de propietarios de edificios de vivendas en réxime de propiedade horizontal, as agrupacións de comunidades de propietarios, os consorcios e entes asociativos de xestión e as persoas físicas ou xurídicas que posúan un dereito real sobre o inmovible que lles permita acometer as actuacións de rehabilitación, ou os inquilinos autorizados polo propietario.

SEGUNDO.- OBXECTO

Cubrir parte dos gastos da execución das obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos á normativa vixente e sempre dentro dos ámbitos das áreas de rehabilitación do

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Concello de Cangas, segundo o establecido no acordo asinado entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Cangas, o 26 de outubro de 2017.

Ditas bases terán vixencia ata o 31 de decembro de 2018, data en que remata a duración do acordo do 26 de outubro de 2017.

TERCEIRO.- BASES REGULADORAS

Establécense nesta mesma orde de convocatoria.

CUARTO.- CONTÍA

Segundo o artigo 12 da Orde do 23 de xuño de 2017, as contías das axudas con cargo ao Ministerio de Fomento:

A contía máxima das axudas determinarase atendendo ao orzamento protexible da actuación e non poderá exceder do 35% do custo subvencionable da actuación ate un máximo de once mil euros (11.000,00 €) por cada vivenda obxecto de rehabilitación.

Segundo o artigo 13 da Orde de 23 de xuño de 2017, as contías das axudas con cargo á Comunidade Autónoma serán as seguintes:

Ata catro mil euros (4.000,00 €) por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder o 10% do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.

QUINTO.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto desde o 15 de febreiro de 2018 ata o 15 de abril de 2018. As solicitudes presentaranse en impreso oficial normalizado anexo I (modelo solicitude) que se achega".

Segundo.- Dar publicidade ás sinaladas bases mediante a publicación de anuncio no taboleiro de edictos municipal, na páxina web do Concello e nun dos diarios de maior circulación da comarca.

Expediente 404/2018. Prestación do Servizo de Axuda no Fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de ampliación do servizo de SAF e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* **CONCEDERLLE** a C.C.R., o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de libre concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial

Concello de Cangas



Concello de Cangas

* Atencións de carácter doméstico

Custo do servizo total: cincocentos setenta e seis euros (576,00 €) (doce euros con oitenta céntimos (12,80 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cincuenta e sete euros con sesenta céntimos (57,60 €/mes) (10%).

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 07 de febreiro de 2018.

Expediente 2160/2017. SAF 2515/01.- Solicitud ampliación do Servizo de Axuda no Fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de ampliación do servizo de SAF e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a J.G.S., a ampliación do Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo do servizo total: douscentos corenta e dous euros con vinte céntimos (242,20 €) (doce euros con once céntimos 12,11€/hora).

Achega económica da persoa usuaria: corenta e cinco euros con sesenta céntimos (45,60 €/mes).

Número de horas: 20 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: a partir do 7 de febreiro de 2018.

Expediente 202/2018. Proposta da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego Local s/solicitud de subvención para contratación de 15 socorristas para o servizo de “Salvamento en praias-2018”

Favorable

Tipo de

votación:

Unanimidade/

Asentimento

Concello de Cangas



A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta da Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a solicitude de subvención para a contratación de 15 socorristas para o servizo de "Salvamento en praias-2018", que é como segue:

"Vista a Orde do 12 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018.

Vista a proposta da concelleira de Turismo e Medio Ambiente de data 18.01.2018, xustificativa da necesidade de contratación de patróns e socorristas durante a tempada de verán 2018 e que solicita se inicien os trámites para a solicitude de contratación de quince socorristas que prestarán os servizos de salvamento nas praias de Cangas por un período de tres meses, desde o 15 de xuño ao 15 de setembro, ao abeiro desta subvención.

Vista a documentación que consta no expediente, propono á Xunta de Goberno Local:

ÚNICO.- Solicitar subvención para a contratación de 15 socorristas por un período de 3 meses, que cumpran cos requisitos previstos na citada orde do 12 de decembro de 2017, de acordo co servizo denominado 'Salvamento en praias-2018', segundo o seguinte detalle":

NUM.	GRUPO O COTIZ.	OCUPACIÓN	CNAE 2009/ OCUPACIÓN	CUSTO UNITARIO MENSUAL			CUSTOS TOTAIS			
				SALARIO BRUTO	% COTA PATR. S. S.	COTA PATR. ONAL S.S.	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRA TO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
	TRAB	S.S.		(1)						
15	10	SOCORRISTAS	H	1.137,49	34,70%	394,71	1.532,20	3M	100	68.948,96
TOTAL SUBVENCIONABLE				1.137,49		394,71				68.948,96
							1.532,20			

Expediente 6159/2017. Proposta de exclusión do primeiro licitador clasificado da obra "Renovación do pavimento das pistas de atletismo" (Urxencia)



Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta da Alcaldía referente a exclusión do primeiro licitador clasificado da obra “Renovación do pavimento das pistas de atletismo”, que é como segue:

"Visto o requisito de clasificación do contratista que se recolle na páxina 12 do proxecto elaborado polo arquitecto técnico Francisco Javier Corrochano Casares (colexiado nº 740 COAATAC) que rexe esta licitación e que dispón o seguinte:

'Analizados os artigos 65 e a D.T. 4º do Rdl 3/2011, para a clasificación do contratista e o artigo 26 do Rd 1098/2011, para a categoría do contrato, para concorrer á adjudicación das obras desenvolvidas no presente proxecto, estímase que deberá ser condición indispensable por parte das contratas que á esta se presenten, estar clasificado como mínimo dentro do grupo C, subgrupos 06 e 07, categoría E; grupo G, subgrupo 04, categoría E e no grupo K, subgrupo 04, categoría A'.

Visto o certificado de clasificación de empresa contratista que se inclúe na documentación achegada pola mercantil 'SESTRAMA-09 SL', en data 30.01.2018 (entrada nº 2018-E-RE-50) como empresa que presentou a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas, que clasifica a esta empresa nos seguintes grupos (G), subgrupos (S) e categorías (C):

G	S	C	G	S	C	G	S	C	G	S	C	G	S	C
A	01	B	C	01	A	C	02	A	C	04	B	C	06	A
C	07	A	E	01	C	E	04	C	E	05	C	E	07	C
G	06	A												

Tendo en conta o anterior, considérase que a obra non pode ser executada pola citada empresa ao non cumprir co requisito indispensable de estar clasificada como mínimo dentro do grupo C, subgrupos 06 e 07, categoría E; Grupo G, subgrupo 04, categoría E e no grupo K, subgrupo 04, categoría A, que se esixe no proxecto técnico que rexe esta licitación.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Excluir da licitación á empresa 'SESTRAMA-09 SL', polos motivos expostos anteriormente, debendo notificarlle este acordo con indicación dos recursos procedentes.

Segundo.- Requirir á seguinte empresa clasificada, 'LIMONTA SPORT IBÉRICA SL', para que no prazo de 10 días hábiles presente a seguinte documentación:

- Copia compulsada notarial ou administrativamente da escritura de poder de representación, ou no seu caso, das escrituras notariais de constitución ou modificación estatutarias ou elevación dos acordos sociais, onde conste que representantes legais da empresa están habilitado/s para concorrer á realización de contratos coas administracións públicas.
- No seu caso, certificado de inscrición no Rexistro oficial de licitadores i empresas



clasificadas do Estado ou no Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, achegando dita certificación dunha declaración responsable na que manifeste que as circunstancias contidas en dita certificación non variaron.

- Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e coa Seguridade Social.
- Xustificante de ter pagado os gastos do anuncio de licitación cento trinta e seis con corenta céntimos (136,40 €) que poderá facer efectivo na conta nº ES85 2080 5022 1531 1000 8929.
- Xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe de tres mil setecentos cincuenta e catro con setenta e catro euros (3.754,74 €), equivalente ao 5% do importe de adjudicación IVA excluído (a garantía poderá constituíla por calquera dos medios aos que se refire o artigo 96-TRLCSF). Unha vez constituída a garantía, deberá depositala na Tesourería Municipal e entregar no Rexistro xeral do Concello o xustificante do depósito desta xunto con resto dos documentos citados anteriormente.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao departamento municipal de Apoio Xurídico.

Expediente 139/2018. Solicitude de subvención á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais-2018 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentim
ento

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar integramente a proposta do día 05.02.2018 da concelleira de Servizos, referente a solicitude de subvención á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais-2018, que é como segue:

"Publicada a Orde de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de data do 4 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

Reunindo o Concello as condicións que na orde se especifican, visto o informe de Intervención dos dereitos recoñecidos netos dos capítulos I, II e III do estado de ingresos do orzamento liquidado do concello do ano 2016 e vistas as necesidades municipais, redáctase polos servizos técnicos municipais proxecto denominado 'DOCUMENTO TÉCNICO MELLORAS DO EDIFICIO DA CASA DO CONCELLO DE CANGAS', polo importe total de sesenta mil cincocentos euros (60.500,00 €).

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar ao abeiro da Orde do 4 de decembro de 2017 da Vicepresidencia e



Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a execución de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinados a concellos de Galicia para o ano 2018, unha axuda polo importe de corenta mil euros (40.000,00 €), para a execución do proxecto denominado 'DOCUMENTO TÉCNICO MELLORAS DO EDIFICIO DA CASA DO CONCELLO DE CANGAS', cun orzamento total de sesenta mil cincocentos euros (60.500,00 €), incluído o IVE e aceptando expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na orde.

Segundo.- Que con data do 19 de xaneiro de 2018, este Concello remitiu as contas correspondentes ao exercicio 2016 ao Consello de Contas de Galicia.

Terceiro.- Que este Concello posúe a titularidade e a plena disponibilidad sobre o inmovible onde se pretenden realizar as actuacións que integran o proxecto para o cal solicita a subvención. (Consta inscrito no Inventario de Bens Municipais.- Epígrafe 1º Bens inmoables, Grupo A-Fincas urbanas, nº de orde do inventario 1, e nº de orde do Grupo 1EDIF01001).

Cuarto.- Que os dereitos recoñecidos netos dos capítulos I, II e III do estado de ingresos do orzamento liquidado do concello do ano 2016 ascenden á cantidade de seis millóns trescentos corenta e catro mil setenta e un euros con vinte e dous céntimos (6.344.071,22 €).

Quinto.- Que o Concello de Cangas para a esta actuación que solicita axuda, non solicitou ningunha outra".

Expediente 182/2018. Solicitud de axuda á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentim
ento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 05.02.2018 da concelleira de Servizos, referente a solicitude de axuda á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ao abeiro da Resolución do 15.12.2017, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019, que di o seguinte:

"De conformidade coa documentación publicada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se aproba o Plan de mellora de camiños municipais para o 2018-2019 e que o importe correspondente ao Concello de Cangas é de cincuenta e dous mil vinte e cinco euros (52.025,00 €).

Reunindo o Concello as condicións que na orde se especifican e vistas as necesidades municipais, redáctase polos servizos técnicos municipais proxecto denominado 'DOCUMENTO TÉCNICO NOVA CAPA DE RODADURA ESTRADA A SERRA DE NACENTE-DARBO', polo importe total de sesenta e dous mil novecentos vinte euros (62.920,00 €).

Polo que, se propón á Xunta de Goberno Local o seguinte:



Concello de Cangas

Primeiro.- Solicitar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ao abeiro da Resolución do 15 de decembro de 2017, axuda para o desenvolvemento do proxecto de 'DOCUMENTO TÉCNICO NOVA CAPA DE RODADURA ESTRADA A SERRA DE NACENTE-DARBO', cun orzamento total de sesenta e dous mil novecentos vinte euros (62.920,00 €), co IVE incluído.

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde-presidente, D. Xosé Manuel Pazos Varela, con DNI 76328194A, que é alcalde por acordo Plenario de data do 13.06.2015, para que asine a solicitude de subvención e demais documentación que sexa precisa na tramitación deste expediente.

Terceiro.- Que con data do 19 de xaneiro de 2018, este Concello remitiu as contas correspondentes ao exercicio 2016 ao Consello de Contas de Galicia.

Cuarto.- Que este concello posúe a titularidade e a plena dispoñibilidade sobre os terreos onde se pretenden realizar as actuacións que integran o documento técnico.

Quinto.- Que o Concello de Cangas para a esta actuación que solicita, non solicitou ningunha outra axuda de entidade pública ou privada".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850